



DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE BUEU POLO DÍA DO ORGULLO LGBTIQ+

*"Nós estamos en todas as loitas e estamos para todas, pero hai unha cousa que para min é primordial en calquera loita e é anterior a todo. A cuestión de clase. Se non está a cuestión de clase patente, vixente, se non temos claro que somos obreiras, eu non estarei na loita. Que se note que estamos a liberar o pobo, para o pobo... Á xente máis humilde, á xente carenciada, á xente roubada, aniquilada, á que está xa asasinada...
foder, todas!"*

Laura Bugalho, primeira galega transexual

Xamais habitaremos unha sociedade xusta e igualitaria se non somos conscientes da invisibilidade e o ostracismo ao que son condenadas aínda a día de hoxe moitas persoas. En pleno século XXI, a sociedade segue a cuestionar os dereitos humanos, e ante iso as administracións non podemos ficar caladas, temos que reivindicar a igualdade e a xustiza sempre e en todos os casos, sen ningunha excepción.

O 28 de xuño conmemóranse en todo o mundo as revoltas de Stonewall no Greenwich Village de Nova York en 1969, acontecemento que supuxo o nacemento do movemento de liberación gai, lésbico, transexual e bisexual, e que se celebra internacionalmente como o Día do Orgullo LGBTIQ+. Esta conmemoración naceu da rebelión cidadá contra a inxustiza, a discriminación, e a constante persecución social e policial, e deu orixe a un movemento polos dereitos sexuais en todo o mundo, que a día de hoxe segue medrando.

A nivel legal, contamos con abondos documentos internacionais de carácter xurídico nos que podemos atopar consenso sobre a necesidade de protexer, de forma específica, os dereitos humanos de persoas LGBTIQ+. Así, en 2011, O Consello de Dereitos Humanos da ONU aproba a Resolución 17/19. Dereitos humanos, orientación sexual e identidade de xénero na que se recomenda “documentar as leis e prácticas discriminatorias e os actos de violencia cometidos contra persoas pola súa orientación sexual e identidade de xénero, en todas as rexións do mundo, e a forma en que a normativa internacional de dereitos humanos pode aplicarse para poñer fin á violencia e ás violacións conexas dos dereitos humanos motivadas pola orientación sexual e a identidade de xénero”. En 2013, O Consello de Europa edita as “Directrices para



promover e protexer o goce de todos os dereitos humanos por parte das persoas lesbianas, gais, bisexuais, transxénero e intersexuais”. En 2014, o Parlamento Europeo aproba unha folla de ruta para acabar coa discriminación por orientación sexual ou identidade de xénero ou sexual. A Lei 13/2005, do 1 de xullo, pola que se modifica o Código Civil en materia de dereito a contraer matrimonio, establece que o matrimonio terá os mesmos requisitos e efectos cando as persoas contraentes sexan do mesmo ou de diferente sexo.

En marzo do ano pasado, o Parlamento Europeo aprobou unha Resolución contundente onde se declara que a Unión Europea é zona de liberdade para as persoas LGBTIQ+ e que non se tolerará a retórica perigosa e discriminatoria que impide que millóns de cidadáns e cidadás vivan libremente.

A Lei 2/2021, do 7 de xuño, de igualdade social e non discriminación por razón de identidade de xénero, expresión de xénero e características sexuais, supón un paso adiante con respecto á anterior, por permitir cambios de nome e sexo no rexistro sen necesidade de informes médicos. Con isto, España convértese no décimo sexto país do mundo que permite a autodeterminación de xénero, un gran avance legislativo, pero contra o que certos sectores da sociedade seguen opoñéndose, ao tempo que medran os delitos e actitudes LGBTQfóbicas.

Ante iso, as administracións non podemos adoptar o silencio, temos que seguir construíndo sociedades máis tolerantes que convivan en diversidade e promovan o cumprimento dos dereitos vulnerados das persoas LGBTIQ+, e avanzar por unha igualdade efectiva e real.

Como mostra do compromiso do Concello de Bueu, dende hai cinco anos organizamos as Xornadas pola Diversidade Afectivo – Sexual, coas que pretendemos reivindicar os dereitos de todas as persoas a manifestar a súa identidade diante do mundo e a non ser discriminadas nin ultraxadas pola sociedade.

Por todo o anteriormente exposto, dende o Concello de Bueu ACORDAMOS:

1. Manifestar o noso apoio e agradecemento ás organizacións LGBTIQ+, pois é coa súa forza, compromiso, valentía e convicción que se conseguen os avances e que a sociedade camiña paulatinamente cara a unha liberdade real na que non exista nin



discriminación nin exclusión por motivos de orientación sexual nin identidade de xénero.

2. Manifestar a nosa especial preocupación polos múltiples casos documentados internacionalmente que poñen de manifesto, aínda hoxe, a criminalización nalgúns países da homosexualidade, privación de dereitos e discriminación legal, así como a impunidade destes crimes.

3. Salientar o noso firme compromiso contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero e contra os delitos de odio, apostando por un Concello de Bueu libre de LGBTIQfobia.

4. Organizar as V Xornadas pola Diversidade Afectivo – Sexual, coas que contribuímos a xerar conciencia e a propoñer debates interesantes a través dos que continuar avanzando cara á igualdade de todas as persoas, independentemente da súa orientación ou identidade sexual.